

Núm. 22

15-10-25

nós.



BOLETIN MENSUAL
da
CULTURA GALEGA

DIREITOR LITERARIO

Vicente Risco

DIREITOR ARTÍSTICO

Alfonso R. Castelao

DIRECCIÓN E REDAUCIÓN

Sto. Domingo, 47 - OURENSE

ADEMINISTRACIÓN:

Real, 36 1.^o - A CRUÑA

ABONAMENTO

| | |
|----------------------------|-------------|
| Doce números, na Península | 6 pesetas. |
| Fora da Península | 15 .. |
| Número solto na Península | 1 .. |
| Na Arxentina | 60 centavos |
| En Cuba | 30 .. |

Pagos adiantados

Iste boletín non pubrica mais orixinás qu'os que foran directamente solicitados pol-a Dirección. Tampouco se fai solidario das idelas n-eles emitidos, a non ser dos que, por non iren rubrados, enténdense que son da Redaución.

SUMARIO

O Derradeiro Galán (poesía) por AMADOR VILLAR AMOR.

San Ero d'Armenteira por XOSÉ FILGUEIRA VALVERDE.

Unhas moedas castelás atopadas no Valadouro por LOÍS TOBÍO FERNÁNDEZ.

A Edade do Ferro en Galiza, por FLORENTINO L. CUEVILLAS.

Quod nihil scitur, (continuación), tradución de XAN AZNAR PONTE.

Archivo Filolóxico e Etnográfico de Galiza.

Os homes, os feitos, as verbas; pol-a REDAUCIÓN.

LEA VOSTEDE

A NOSA TERRA

IDEARIUM DAS
IRMANDADES

Ademánsistración Real, 36 — A Cruña

Sanatorio Quirúrgico de Ourense

Direitor: Don MANUEL POL PIÑEIRO Cirugía

co-a colaboración dos Doutores

D. FRANCISCO JOSÉ RIONEGRO DÍEZ

CIRUGÍA

D. MANUEL BOUZO FERNÁNDEZ

PARTOS E DOENZAS DA MULLER

Situado na carretera da Loña, practícase n-lí todo crás d'operacións de Cirugía geral, especialidás, ginecología, etc., etc. A pensión é de 10 pescas diárias, inclusa nela a manutención, material de curas e visita médica diaria. As operacións e tratamentos, especiais serán ouveio de trato anterior.

Hai Gabinete de RAYO X, aparato de DIATERMIA (para tratallas amexilis, etc.) e o material eléctrico preciso para diagnósticos e tratamentos.

NOTA: Hai de cole material esterilizado para operacións d'urxencia p'ros enfermos que non se poidan traxer ó Sanatorio e mais para partos, adentro e fora da cidade.

Para informes, pódese escribir a calquera dos médicos do establecemento.

OURENSE

Carretera da Loña

Teléfono 179

Está no prelo o primeiro volume da
BIBLIOTECA TEATRAL "LAR"

que comprende a comedia

O Corazón d'un Pedáneo

orixinal de

Leandro Carré Alvarellos

Seguirá **A Biblioteca de novelas Galegas**, que publicará grandes novelas orixinales dos melhores escritores da nosa Terra

Os suscritores da publicación de novelas curtas **LAR** terán ventaxas para a adquisición de estas obras

Imprenta LAR

REAL, 36. 1º - A CRUÑA

TRASMITA OS SEUS
ENCARGOS TIPOGRA-
FICOS A ESTA IMPRENTA

Dr. MOSTEIRO

Médico
Odontólogo

Medicina e Cirugía da boca -- Electricidade -- Rayos X

A Clínica Dental mais completa de Galicia

Cantón Pequeno, 1 (Casa Pastor) - A CRUÑA

LUIS FÁBREGA

DROGUERIA E FARMACIA

Progreso esquina a Luis Espada
OURENSE

MERQUE VOSTEDE

Plumeiros RAFIUM

De mais dura qu'os de pruna o limpa millor
Véndense en todal-os establecimentos do ramo
Andrés Perille - OURENSE

Reloxería ZENITH

Máquinas parlantes, Discos, Agullas
e Accesorios

M. CALVIÑO

OURENSE



A mais económica de Galicia

VIÑOS RANDULFE OS PEARES (Ourense) de Bodegas Galegas - Finos de Mesa

Sanatorio Quirúrgico
Diretores:

Manuel Peña Rey

Ginecología e Partos

José Mosquera Blanco

Cirugía geral

Especialista na gorxa, nariz e ouvidos

Situado frente á Alameda do Cruceiro, ten todal-as condicións precisas.—Prautícase toda crías d'operacións.—Dotado de todal-os
aditamentos que pide a actual Cirugía.—Modernas instalacións de RAYOS X pra diagnóstico e RADICOTERAPIA superficial e fonda,
con voltaxe de 250.000 voltios.—Aparello de Diatermia pra tratamiento de Axéites, procesos inflamatorios, reumatismo, etcétera.
Lámpara de cuarzo pra sol d'altidez e ultra-violeta pra tratamiento d'escrofulosis, rascúfimo, alopecia, eczemas, etcétera.
Admitense embarazadas, e contase con material esterilizado pra fora da cibade en casos d'urxencia.—Poden colaboraren
todal-os compañeiros, previo consentimento dos directores.

BODEGAS GALLEGAS PEARES E OURENSE

Viños finos de mesa: Tinto TRES RIOS. Blanco BRILLANTE. LOS GALLEGOS blanco e tinto

Macia e Valeiras, Apartado 18 -- Ourense



BOLETIN MENSUAL DA CULTURA GALEGA

Ano VI *

Ourense 15 d'Outono 1925 *

Núm. 22

O DERRADEIRO GALAN

*Despóis d'unha mala vida,
Pró lugar, arrepentida
Volve Rosa con afán;
Hacha despreceo na xente,
Mais acóllea tenramente
O seu vello amigo o can.*

*É «o Galán» que aixilla ó vel-a
Corre e brinca arrededor d'ela;
¡Cántos cariños se fan!
As mans de lamberille ll para
Pra mirarllé ben p'ra cara.
I-oubea moi triste o can.*

*;Non! non era a que volvía
A que se fora en mal día;
¿Seus encantos onde están?
Murchoullos a negra sorte,
E volve co-a cõr da Morte;
Por eso oubea o seu can.*

*As bágoas cálle a Rosiña,
I-ansí vendo á coitadiña.
En riuse os viciños dan.
I-en bulra dinlle; «non chores,
Que o galán dos teus amores
É hoxe o teu vello can»*

*Qu'rela fora, linda e pura,
Do lugar a galanura.
Virase pol-o San Xoán:
Pois fora a más festexada,
I-agora, ó vel-a aldraxada,
Coraxando rosma o can.*

*Os pais morreran de pena
Porque levara á sua nena,
Á sua pomba, un gavilán;
Qu'era un amor malfadado,
Xa ben llo tiña agoirado
O triste oubear do seu can.*

*Nenas, pol-o amor finxido,
¡Halvos tanto ánxei caído!
¡E cántos ¡all caírán
Sin vel-o amor verdadeiro,
Sin ter un fiel compañoiro
Coma de Rosa era o can!*

*Fondos eran seus amores,
Fondos eran os seus dôres:
¡Xa d'eles bulra non fan!
Que unha tarde viuse a Rosa
No camposanto, chorosa,
I-oubeou moi triste o seu can.*

*Bateladas d'agunia
S'oubiran mortendo o día,
I-a xente ¿por qué serán?
Decía; y-aixilla o vento
Tróuxolle com'on lamento.
O triste oubeo do can.*

*Aparecerá mortiña
Ond'a coba da naicinha,
Quen tivo mais d'un galán;
Y-onha mañán de xiada.
Ond'a tumba da coltada,
Toparon morto o seu can.*

AMADOR VILLAR AMOR

SAN ERO D'ARMENTEIRA

(Proseguimento)

A existencia de San Ero topase fora de dúvida. O nome que él levava abonda nos documentos do século XII feitos en Galiza. Eisi son conocidos o Erus Peláiz (1), Ero de Sant-Iago de Laco (2), Erus Erici, Ovecus Eriz... (3) A par de eles háchase un Ero Armentariz que pode ser o fundador da Armenteira. No 1120 concede Doña Urraca, a él seu fiel vasallo, e á sua muller Columba, a cirexa de Santa María de Lama no val da Armenia (4); no 16 de Xaneiro do 1105 confirma coñego de coto feita polos Condes ó mosteiro de Podio (5), no 16 de Nadal do mesmo ano aparentemente, cal *maiorinus*, na confirmación dos foros de Santiago feita por Don Ramón (6); no 1107, sen espresión de cargo topase nas doazóns de Piñeiro (7) e Trove á cirexa compostelán; (8) por derradeiras confirmas cal *maiorinus regis*, na doazón do Mosteiro de Moraime (9) feita por Alfonso VII no 1119.

No 5 de Nadal de 1135 douz cabaleiros gallegos, da corte de Alfonso VII, Don Fruela Alfonso e Don Pedro Muñiz Carnota, fundaron o mosteiro de Toxos Outos, e outros douz don Pedro Osorio e Don Alonso Bermudes, seguidos de mais próceres o de Monfero. Por aquel

(1) Na doazón de Alfonso VI d'a cirexa de Santiago da mitade do mosteiro de Piñeiro (Piloto) e do de Brandariz. Ano 1100. Nas confirmaciones Erus Peláiz clérucus (vd. López Ferreiro. H. C. VIII. A. n.º XIV).

(2) Na ratificación do precedente feita por Doña Elvira no trámite do seu pasamento. Ano 1100. Nas confirmaciones Erus Peláiz, notarius (vd. id). A. XVI.

(3) Acta de sumisión dos Sacerdotes e Cabaleiros de Beancos, Trasancos, Labacengos e Arros. Figura entre os Sacerdotes. Hist. Compost. lib. I. cap XXXV Ano 1118.

(4) Privilegio de D. Diego Xelmires á cirexa de Piñela. Ano 1161. López Ferreiro, op. cit. A. XVI.

(5) Tumbo de Samos. Es. XXII cit. por Flores E. S. T. XXII, pag. 71. Escritura feita o 24 de Outubro.

(6) Archivo Arzobispal de Santiago — Docs. Varios. T. I. fol. 19 a 47. Docs. de Poyo, Inédito, copias do século XVI.

(7) Tumbo A. Catedral de Santiago (López Ferreiro, Op. Cit. Ap. XIX).

(8) O Conde D. Ramón douz á cirexa de Santiago o Mosteiro de S. Mamed de Piñeiro - (Op. cit. A. XXIV.)

(9) A infante doña Urraca douz á Basílica Compostelán o mosteiro de San Andrés de Trobe e todo o que lle pertenezca inter «uliam et lamars» Ano 1.107. (López Ferreiro—A. XXV.)

(10) Doazón feita por Alfonso VII o Mosteiro de Moraime. (Id. A. XXX VI.) Archivo do Seminario de Compostela.

tempo debeu xurdir tamén a vocación de don Ero. Di o xa citado Duarle que foi Abáde do 1150 o 1176, mais o dato positivo, tido da vida de ele é a inscripción da cirexa da Armenteira que adia sua construcción no ano 1169 (1) É Don Ero Armentariz, Don Ero de Armenteira? Poden ter certa xustificación os datos dados polos seus biógrafos?

Compre ó meu ver que agardemos pra responder a podere revisare o riquísimo arquivo de Armenteira, que o malfado centralista tenmos engayolado en Madride, e namentras, podémos estudiare o outro Don Ero legendario, en quen o noso pobo encarnou unha das mais belidas estórias medioevas.

A existencia do seu protagonista non é fixo un caso de taumatosis, nin de megalosía, senón que deu a ocasión pra aculturar a lenda na nosa terra (2). E falamos de lenda pois, localizada, individualizada, adiada, non pode ter nome de mito (3). Narrativa, espriativa (4), de orixen indíxica, adaptada polo seu carácter místico ó cristianismo, e repeida polo seu suxestión en muitos pobos, quizais sexa, a lenda do monxe i-o paxariño, unha das que, polos probremas que o seu estudio xermola e pola sua difusión literaria, prega de nós—entre as que nas Cántigas del Rei Sabio teñen na Galiza sua fonte ou seu eco — unha maior atención.

(1) Di eli «Fundata est ecclesia era 1207 — XVI K: Julianus Dominus Erus fecit — In memoria Sancte Marcelli Murgula sua Galicia, — pag 686 — transcribe ista inscripción neste bon trabucado xetto: «Pfundata est ecclesia nostra millesima ducentesima septima et ab aliis? D. Petrus fecit in memoriam B. Mariae» segundo a Fernández Sánchez e a Freire Barreiro que no «Santiago Jerusalén Roma — Diario — de una — peregrinación» (Santiago — 1880 — Pags. 315 y 316 do T. II) a transcriben en forma semellante anque dicindo a D. como Divus e lendo ben o Abbas. Polos demais citan a Gil González Davila e dir que a inscripción se topa na lápida sepulcral o que non é certo.

(2) Vd. Van Genne — *La formation des légendes* páginas 290 a 294. París 1910.

Wundt - *Wolkenspsychologie: eine Untersuchung der Entwicklungsphasen von Sprache, Mythos und Sitte*. vols. IV a VI. Leipzig — 1910 — 16.

(3) Vd. Van Genne — op. cit. pags. 31 y 22.

(4) Clasificación de Lang. Mythe, cultos et Religion, translatado de León Maillart — París — 1880.

ESTADO ACTUAL DA

LENDAS DE DON ERO

A lenda do monxe I-o paxariño non é na nosa terra tan popular como poidera coidarse, polo que non é das mais repetidas entre as xentes do concello de Salnés. Na Armenteira atopámos conservada pola existencia do relieve barroco da esplendida portada do mosteiro, repetido no órgano e nas reixas de madeira da capela lateral de embaixo do coro. Iste relieve amosa ó San Ero axionllado diante da Virxe co nenho nos brazos - o nenho ten na man unha perna somellante á que amosa en outras imaxes galegas, tales que a da capela de Xesús Nazarén de Pontevedra - perto de un arbre no que canta o paxariño. Castelao fixo unha acentuada copia de ista representación, que nas gradicelas aparece engadida cunhas casoupiñas representando o convento. É de notar que non é ista a soia manifestación escultórica da lenda pois, como no seu díaz será, dito Leyre e Vilar de Frades deberon tamén fáelas.

Ista lenda, seu mesmo caráter o eisixe, tivo na Galicia, sempre, maior difusión erudita que popular como agora veremos.

COLLECTORES DA LENDA

DA ARMENTEIRA

Non fallan entre os autores de exemplarios e libros de meditación dos séculos barrocos piedosos creyos que recollan o falar das ledas de gloria a belida lenda de que falamos, localizándola na Armenteira, anque son más os que non lle dan lugar de alción. Os primeiros, dos que pode ser tipo Colmenero nas suas

Reflexiones Catholicas (1), siguen a lenda tal que a conta Menrique ó que citan as más veces. Os outros a recollen sen clara procedencia, que moitas vegadas topase no B. Xohan Mayor (2), que dá mil e douzentos anos de tempo terreal convertidos na representación de unha hora, e que como fontes ollou moitos exemplarios xermánicos medioevais.

(1) *Reflexiones Catholicas* — y devotas instrucciones para desengañar al pecador — y dirigirlo por el feliz camino de la salvación — por el P. Don P. Colmenero — 3 impresión — En Salamanca Villagordo y Alcaraz — 1749 — págs. 198 a 199.

(2) *Magnum speculum-exemplorum* — *Exploraciones oceánicas autoctónicas...* — Ab anónimo quodam, qui circiter annum dominum 1480 vixine deprehenditur — R. P. Joannis Maioris — S. J. Theologi — Dulci — Bx officin Balthasaris Belleri Typogr. Iurati subocircins aureo — Anno 1606. *Cœlesti glorie* — pag. 112 — Exemplo XIV.

Entre estes esquirolos compre clara a filosofía de curiosidade ó P. Caravantes (3), que refire 300 anos a tres horas, o P. Nieves Avendaño (4) que o sigue, e da o mesmo tempo, como Niremberg (5), Barón y Arin (6); Vázquez del Valle (7), Scaramelli (8) e outros.

Dun xeito científico recolleu a lenda Gil González Dávila (9) que cita ao P. Henriquez, a Jacobo Aurifabro e tamén a Xohan Maior, falando da elrexa, do mosteiro fundado por San Ero e resolvendo en unha hora douzentos anos.

Con este mesmo carácter figura a lenda nas guías de Galicia. Xa temos falado dos que fában de Don Ero (10); Fernandes Sanches e Barreiro, que reducen cen anos a unha hora e Murguía; en troques non a recolle Cesario Rivera, e Victor M. Vázquez (11) chaman a don Ero nobre campeón, citan «al verídico cronista», que non sabemos quen será e dan por tempo 200 anos. López Otero (12) díela recollida de unha muller — a Sra. Rosa — e refiere nunha nota á versión de Martínez Padín que polo seu carácter incluiremos nas derivacions literarias.

Pra rematar iste apartado lembraremos un artigo de Balsa de la Vega na Ilustración falando da lenda da Armenteira, que se estende a Rivas de Sil e que da por tempo de sono sete siglos.

Trae certa erudición comparativa I-e do mais discreto que sobor d'ela tense falado.

XOSÉ FILGUEIRA VALVERDE

(1) «Práctica de misiones... En León — en la Imprenta de la Viuda de Agustín Ruiz de Valdavieso — Año de MDLXXIV», Libro III — S. XII pag. 549.

Páginas dominicales... — II... — Madrid — a costa de Francisco Lazo — Mercader de libros... — Año de 1704. Pag. 192.

(2) «Prácticas doctrinales y discurso Moral... del... Religioso de S. Francisco... — En Valencia — En la Imprenta de Antonio Valle... — Año 1729» S. IV — pp. 303 y sig. del tomo único — O monje estaba en malfinas e morreu ó voltar do bosque.

(3) «Diferencia — entre o temporal — e eterno... — Lisboa — Na officina dos heredos de Antonio Pedrozo Gabarrón — e à sua costa Impreso, M. D. CCCLXII Lib. IV — Cap. V. S. II — pag. 311.

(4) «Luz de la Fe — y de la ley... — escrito por... — de la orden de predicadores. Madrid MDCCCLXXXIV». Pag. 338. capítulo LXV. IV.

(5) Año Christiano — 1748 — Pg. 475.


(6) Directorio ascético — en que se enseña — el modo de conducir las almas por el camino ordinario — de la gracia... — TTV. Madrid — gregorio del Año — 1681 — [pp. 45].

(7) T. E. — III — Madrid DDCXLV — pag. 10.

(8) Anque chamándole Pedro.

(9) «Guía de Galicia» — Madrid — Portafel 1884 págs. 291. E curioso notar que castellanizan o Castroverde en Castroverde.

(10) «Pontevedra» — Granada Schäfer 1800, págs. 168y 169. Isto libro é de maior regocijo, tamén ó falar da Armenteira como ó facelo do resto da provincia.



Unhas moedas castelás atopadas no Valadouro

TRABALLO LIDO NO SEMINARIO DE ESTUDOS GALEGOS NO ANO 1922
dirixido por...
redactado por...

FAIENOS, ao reconstruiren a eirexa de Adelán, non Valadouro – partido xudicial de Mondoñedo – hacháranse unha boa cantidade de moedas castelás que, recollidas por algunas persoas, viñeron, n'unha pequena perle, a dar ás miñas maus. Pol-o que podia intresar pr'o estudo da eirexa e mais da Numismática meloeval vou eispôr, sintxelamente, a sua descripción e as considerazós que do seu eisame puiden tirar.

Todas as moedas son de vellón e módulo igual (2 cm.)

**

Moedas de Fernando III: n'elas é de forma cerchel o marco que arrodea ao castelo e ao león, estando feito por unha só ringle de punlos.

1. - *Anv. † : F REX: CASTELLE*

Castelo de tres torres, mais outa a do medio. O eisergo borroso; probabelmente B.

Rev. † : ET LEGIONIS

León.

Si no eisergo a marca fose B, perlésceria á

ceca de Burgos, a que Alois Heiss asinala cō número 2, embora se difrencia d'ela nos dous puntiños que leva entre a † e o F e despois de REX no anverso e entre a † e o ET no reverso.

2. - *Anv. † F REX CASTELLE*

Castelo de tres torres, mais outa a central. No eisergo B.

Rev. † ET LEGIONIS

León.

Corresponde á número 2 de Heiss, sendo pol-a B do eisergo da ceca de Burgos.

3. - *Anv. - † F REX CASTELLE*

Castelo de tres torres, mais outa a central. No eisergo ...

Rev. † ET LEGIONIS :

León.

Leva ista moeda no eisergo tres puntiños com'a n.º 5 de Heiss mais difrénciase d'ela no iér no reverso á banda dereita da † dous como anelliños, sin ningún outro sínio que mostre á sua ceca.

Segundo o autor devandito «n'istas moe-

das atopápanse unha multitud de marcas diferentes como crucifixos, estrelas, anelos, puntos, que postos en lugar diferente do que debía ocupar a marca especial do taller, tiña por ouxelo indicar quen era o ensaiador ou encarregado da fábrica.

Mais eiquí atopámonos en presenza d'unha moeda na que lses puntos, que Heiss tén por desígnativos do encarregado ou ensaiador, aparecen xustamente no mesmo lugar que debería ocupar a marca do taller, sendo pois de crer que ese siño que aparece no eisergo sexa verdadeira marca da ceca. O problema é agora saber cal sexa ista, pra nós irresoluble.

4. - Anv. † ; F : REX CASTELLE

Castelo de tres torres, mais outa a central. O eisergo borroso; probablemente un cunco.

Rev. † : ET LEGIONIS :

León.

Pertencerá ista moeda á ceca de Cuenca si a marca é, segundo parés, un cunco. Será pois unha variazón do n.º 1 de Heiss, consistente en ter o castelo de xeito diferente e nos tres puntiños que separan as verbas denantes e despois do F no anverso e ás duas bandas da † no reverso.

5. - Anv. - † F REX CASTELLE

Castelo de tres torres, mais outa a central. No eisergo T.

Rev. - † . ET : LEGIONIS

León.

O T como marca de ceca dí que foi acuñada en Toledo. Ven a ser o n.º 3 de Heiss, inda que sen algunas variantes na figura do castelo, eisi como a de levar no reverso un puntiño antes e dous despois do ET.

6. - Anv. † ET LEGIONIS

Castelo de tres torres, mais outa a central. No eisergo S.

Rev. † ET LEGIONIS

León.

7. - Equal à anterior.

Istas duas derradeiras moedas se non han indicadas na obra de Heiss; a sua forma é análoga ás demais, mais no eisergo levan un S.

Era o S siño da ceca de Segovia deica que, establecida en Sevilla fábrica de moeda pouco despois do seu conquerimento, a empregou Sevilla como siño seu, polo que Segovia puxo, en adiante, unha ponte.

Coidamos que as nosas moedas son da ceca segoviana pois si foron batidas no 1222, como é probabel, mal puideron ter sido batidas en Sevilla xa que esta non foi conquerida até o 1248.

A lenda que é igual en todal-as moedas devanditas, dinos que foron feitas por algúns Fernando rei de Castela e León; Heiss demostra que pertencen, sen dúbida algunha, a Fernando III. A única acuñación que se fixo no reinado d'iste rei foi a d'unha moeda divisionaria de vellón, a chamada *dñeiro de pepiós* ou sinxelamente *pepión*; d'ista clás son as moedas esaminadas.

A data d'ista acuñación non-a siñalan craramente Fernando III nin o seu fillo, mais por unha compra feita polo arcebispo de Toledo D. Rodrigo de certas aldeas, enxerga Heiss que debeu ser no 1222.

D'estes pepiós, 180 equivalian a un maravedi d'ouro de Alfonso VIII e 12 compuñan o soldo e por iso 15 soldos o maravedi d'ouro.

**

Hai unha moeda ao parecer de Alfonso X.

8. - Anv. † A * REX CAS TELL E

Rev. † E TLÉ L GIO L NIS †

Non siñala Heiss ista moeda nin fonsiquera parecida entre as de Alfonso X. Equal a ela ou moi somellante é a reproducida en fotogramado por D. Narciso Sentenach n'un artello que publicou na «Revista de Archivos, Bibliotecas e Museos» do ano 1906: «El maravedi: su origen y su historia».

Leva a nosa, no eisergo, un siño que ben poldera ser un B. Tén tamén, apóis do A, abreviatura d'Alfonso, unha floríña e no reverso uns siños ao xeito de crucifixos nos ángulos do marco.

No anverso leva castelo de tres torres, mais outa a do medio, con duas almeas en cada torre e no reverso un león. O marco é cadrado.

É un «dñeiro prieto de vellón». Alfonso X mandou desfacer os pepiós que fixera seu pai, substituindoos polos dñeiros prietos burgaleses de vellón, dos que cada un valia dous pepiós. Con 15 d'istes dñeiros prietos íftase un maravedí branco burgalés de prata de gran dor igual ao vello maravedí d'ouro e valor seis veces mais pequeno. Noventa dñeiros prietos facian pols o maravedí d'ouro.

**

Moedas de Alfonso XI; o seu marco é cadrado e composto de dobre liña: unha de puntos e outra interior.

9. - *Anv.* - † A . REX . CAS . TELL . E
Castelo de tres torres, mais oula a do meio.
No escudo B.

Rev. † E . TLE . GIO . NIS . B

León rampante e no ángulo inferior derecho tén, por drento, unha floríña.

10. - Equal à anterior.
Corresponde à n.º 13 de Heiss. O B do escudo indica que foron batidas en Burgos. Só se diferencian d'ela na floríña e en que no sínolo da ceca repérese no reverso.

11. - *Anv.* † A .. REX .. CAS .. TEL .. E
Castelo de tres torres, mais oula a central;
na porta d'il T.

NÓS

Rev. † E .. TLE .. GIO .. NIS .. T

León rampante.

12. - Equal à anterior.

Son, según mostra a T, à ceca de Toledo. Venen a ser o n.º 14 do autor citado, da que difieren en repetir a marca de ceca no reverso e en ter dous puntiños nas esquinas do cadrado qu'arrodea aos tipos mentiras que n'aquela ten un só.

Sen dúbida algunha istas moedas son de Alfonso XI como proba Heiss. Alfonso XI acuñou no ano 21 do seu reinado (1333), segundo dí a sua Crónica, moeda de novenes e de coroados da lei e da talla que mandou labrar el - Rei don Fernando seu pai. A moeda que labrou Fernando IV foron os maravedises brancos de 10 dñeiros de vellón cada un, e si a moeda de Alfonso XI é da mesma talla e lei que a de seu pai resulta que as moedas que examinamos son os dñeiros *novenas* de vellón que son a décima parte do maravedí novén de prata, como dixemos; vintecinco d'istes maravedises forman a dobla d'ouro que como valía doce reás de prata resultaba un valor de dous maravedises por real, aproximadamente.

LOIS TOBIO FERNÁNDEZ

Axiña aparecerá a segunda edición de

NO DESTERRO e DA TERRA ASOBALLADA

Libros de poesías do poeta da raza

RAMON CABANILLAS

EDICIÓN LAR

Estas novas ediciós conterán algunas poesías recentes do grande poeta

A EDADE DO FERRO NA GALIZA

(Proseguimento)

O confusionismo que reinaba en col da etnografía protohistórica peninsular autorizaba estas elucubracións filológicas, que foron ás veces avaladas por tan oucos prestigios como Costa, (1) o P. Fita e Fernández Guerra (2); pero rechazadas hoxe total-ás ideias relativas á colonización grega, reducidolos tan traídos e levados estabrecedimentos fenicios a sinxelos viaxes de comercio, botada a esquecemento a división en Kimros e Galos, que Thyerry fixo dos Celtas, o campo da investigación lingüística queda reducido a rastrexar na onomástica galega contemporánea e sobre todo no que nos queda da antiga, sempre mais segura e menos esposta a trabucamentos, os siñais do paso de dous povos: o precelta y-o celta. Respeito do primeiro, todo o que se diga ten que ser necesariamente conjectura. Ligur pra Schulten, Capsiense pra Bosch (3), vasco-ibero pra Humboldt, tal povo será cecais pra sempre un problema sin solución. Certo que na nosa terra hai algúns nomes de sufixo ó parecer liguiano, qu'ó deus Bormanicus é ligur, asegún d'Arbois de Jubainville (4); certo que outras toponimias teñen aparenzia vasca, pero certo tamén que si vascos e iberos son unha mesma cousa pra Humboldt, tal afirmación non goza no día de mucho creto e que si Ligures e Vascos son pra Schulten o mesmo povo, Schuchardt (5) e Bosch negan tal aserio, apolados en moitas razós filológicas e culturás, resultando de todo elo que nas teorías de tan sabios investigadores nada hai comprobado d'un gelto ausoluto.

Pol-o que toca ós Celtas, as cousas cambian fundamentalmente. O vello falar d'esta nación, pai d'idiomas que com'o galés, o breton y-o irlandés, están en uso ainda na actualidade e que deixou moi lo rastro nos autores

antigos, ten sido reconstruído en gran parte por unha pléyade d'ilustres filólogos antr'a que sobresaen Zeuss (6), Holder (7), d'Arbois de Jubainville (8) e Dottin (9), y-énos coñecido d'abondo pra que se poidan identificar cruceiramente as verbas que lle pertenecen por todos ou por parte dos seus elementos. Foron polo demais os Celtas un povo inquieto, guerreiro e conquistador, cuia presencia compróbase históricamente na Francia, na Inglaterra, no N. da Italia, nos valles do Rhin e do Danubio, na Hispania e na Asia Menor, aparecendo en todos istos países non sólo as raíces e sufíxos en -briga, en -dunum, en camb, en -acus, en -cath, y-en -ritus, senón tamén repetidos os mesmos nomes de tribus e de deuses. Cرار está que n-estas condicións non é difícil filiar algunas denominacións célticas de persoas e lugares da Galiza, y-apreciar pol-a sua distribución e densidade a extensión que n-ela tiveron as gentes d'aquel raza. Mais como quiera qu'os estudos celtistas fixeronse case sempre tendo á vista preferentemente as toponímias referentes ás Galias e ás illas Británicas, e cand'isles países emprincipiaron a seren coñecidos polos autores clásicos, os Celtas galegos levaban moitos séculos afastados e isolados do berce da sua estirpe, o seu falor, por causa do longo arrredamento e dos diferentes intruxos a que estivo sometido, tiña que ser algo desemellante do dos seus irmáns do Centro y-Oeste d'Europa, e por esta razón, moitos nomes da antiga Galecia non poden ser identificados coma tales por falla de termo de comprobación e comparanza, sendo sempre mellor limitarse a mencionar unhas cantas verbas de segura filiación, qu'escribir longas lis-

(1) *Estudios Ibéricos*.
(2) *Recuerdos de un viaje a Santiago*.
(3) *Ensayo*.
(4) *Carta a Lete de Vasconcellos* cit. en *Religiosas da Lusitânia*.
(5) Vex. Bosch. *Ensayo*, pag. 109.

(6) Pol o verdadeiro creador dos estudos de filología céltica, a sua obra principal e a *Gramática céltica*.

(7) Bibliotecario en Carlsruhe, publicou o *Alt-Celtischer Sprachkatz*.

(8) Citaremos sólamente da enorme producción d'iste autor, *Grammaire Céltique e Cours de Litterature Céltique*.

(9) Discípulo de D'Arbois de Jubainville, profesor de línguas célticas na Universidade de Rennes, a sua obra más coñecida é *Manuel pour servir à l'Etude de l'Antiquité Céltique*.

ías de nomes d'espricación arriscada ou dubiosa.

Canto á arqueología, anque non temos dado en Galiza mais qu'os pírmellos pasos no relativo á esproración sistemática e científica dos nosos jacimentos, é tal a fariura do noso chán en oujetos pertenecentes á Edade do Ferro, qu'a pesar d'elo e do molto que teñen derramado a ignorancia y-a barbarie, soilo c'os procedentes d'achádegos casuás tense reunido elíquias coleccións importantísimas algunas das que, com'a do Sr. Blanco Cicerón de Santiago, pode porse en comparanza co-as millores d'Europa. Por outra parte, a identidade da nosa cultura posthallstática co-a do N. de Portugal, á que teñen adicado tan grande amor os nosos veciños d'alén Miño, y-a que consagraron fondos desvelos Martins Sarmento Leite de Vasconcellos, Alves Pereira, Santos Pocha, Ricardo Severo e José Forles, sirvenos moi ben pr'enchel-los valeiros que nos nosos coñecementos arqueológicos, deixa. Triste é confesalo, o noso ahaso en investigacións d'esta índole. Compre así e todo siñalar que n-istos derradeiros anos, a autividade que nos traballois d'esproración d'estacions prerromanas s'ouserva en Hespafía, alcontrou tamén eco en Galiza, realizándose hoxe escavaciós mais ou menos intensas no monte Santa Tecla da Guardia, pol-a Sociedade *Pro Monte*, nos castelos d'Entrimo por D. Higinio García y-en Domayo por D. Antón Lousada, e na cidade de San Ciprián de Lás pol-a Diputación d'Ourense, amen dos costantes estudos d'homens que coma D. Angel del Castillo e D. Federico Maciñeira teñen já pagado unha forte contribución ó estudio e conservanza das nosas antigüidades.

Istes esforzos d'hoxe, juntados ós qu'outrota fixeron Murguía, Barros Sibelo, Ovledo y Arce, Villaamil, Fernández Alonso, Vázquez Núñez e tantos outros meritísimos galegos, ó desintrés do Sr. Blanco Cicerón, que ten salvado do crisol dos prateiros e conservado na terra moitos oujetos preciosos, fan qu'o acervo arqueológico da protohistoria galega conte c'un material bastante considerábel, e que nalgúns respectos, coma no relativo a joyas aureas, poida rivalizar cos do Rhin, da Irlanda e dos Perneus Franceses, os tres centros más

NÓS

importantes da producción aurivesaría da época da Tene.

Pero a pesar da sua relativamente abundancia e da sua molta riqueza, o material arqueológico da Edade do Ferro galega ten unha desventaja qu'en parte escurece os seus méritos: o ser procedente todo il d'achádegos casuás ou de castros e cíctanias, e fallar por completo o procedente de necrópolis. Esta circunstancia fai singularmente difíciles as determinacións cronológicas de tanta importancia na apreciación do desenvolvimento dos diferentes tipos d'utillaje. Ant'unha fibula, ant'un torques, ant'un brazalete ou un testo cerámico atopado na nosa terra, podemos dicir que pertence á nosa cultura, que é galego e tamén investigar a fonte lonxana que lle deu orixe; pero non podemos distinguir a que fase d'aquela nosa cultura pertence, nin darill'asento n-un lugar do seu ciclo evolutivo. Un solo grupo de sepulturas nas qu'apareceran moedas ou oujetos d'outro ciclo cultural con data fixada, servirían para datar a totalidade do material acompañante e serían un punto de partida certo en cal do cal podería erguerse un labor costrutivo. Mais desgraciadamente, nada d'eso temos. Queda, é certo, a tipología, pero esta cencia, si ben nos sirve nos pírmellos tempos da nosa protohistoria, y-acusa craramente os días do seu principio, dás como veremos mais adiante, poucas luces unha vez adentrados no seu estudo, non permitindo mais qu'hipóteses que cecais descubertas posteriores venian confirmar ou bolar por terra.

Tal é o estado das nosas fontes de coñecimento, e unha vez exposto, imos entrar no conjunto dos feitos resultantes do seu exame.

IV

O COMENZO DA EDADE

DO FERRO EN GALIZA

Creese qu'a Edade do Ferro comenzou na Europa nos principios do derradeiro milenario denantes de Jesucristo: mais esta data, boa ceca pr'a Italia y-ainda pr'a Francia, non pod'aplicarse por igual a tod'o continente. As circunstancias ainda non ben coñecidas, que determinaron a utilización do ferro, non obraron da mesma maneira e simultaneamente en

todolos países. Aquiles que s'alcontraban mais perto dos puntos d'origen e difusión da nova industria, alcenderon logo as suas forças; mailos qu'estaban afastados dos vieiros de comercio ou das rutas d'invasión, non reclibron o pulo trasformador deca mais tarde, e já por lentes e traballos infiltraciós, já por seren conqueridos por algún povo en disfrute da nova cultura.

Do exame dos feitos arqueológicos, dedúcese craramente qu'iste derradeiro caso foi o qu'aconteceu na Galiza. A industria do ferro non s'inicia n-ela pasenñamente, penetrando e trasformando pouco a pouco os antigos tipos d'utillaje; aparece pol-a contra, de súpito, e c-os carauteres d'unha industria já evolucionada y-en posesión de todolos seus medios. O nexo que na Europa central une hasta confundilos o momento final do bronze y-o inicial do ferro, non existe na nosa terra. Pásas'elqui d'un golpe dos machados tubulares e das espadas longas ós puñás d'antenas y-as fibulas carauterísticas do segundo periodo hallstattiano, e tal fenómeno non pode espricarse mais qu'admitindo a irrupción d'un povo que traiço-o il istes novos elementos culturais. Asistimos pol-o tanto á sustitución súpeta d'unha civilización indígena por outra forasteira que nada ten que ver co-ela, e qu'está en froques fundamentalmente avencellada co-a civilización qu'os Celtas crearon e desenvolveron á veira do Doubs, do Rhin e do Danubio, e tan fondamente avencellada, que ningún oujelo a ela pertencente deixá de tel-o seu prototipo ou seu análogo no material arqueológico recoillido n-quellos lonxanos países.

E send'esto así, y-aparecendo despois en Galiza tribus qu'os escritores gregos e romanos califican de célticas, podes asegurar que foron gentes d'esta raza as que penetrando n-ela, introduxeron e propagaron a nova civilización do ferro.

Mais en que época tivo lugar tal acontecemento? En que data se produxo esta invasión? Quen era e coma se chamaban os habitantes pre-celtas de Galiza? Qué denominación especial tiñan as tribus invasoras?

O Sr. Bosch (1) atopa resposta a todas es-

tas preguntas nalgúz versos de *Ora Marítima*. A costa ocidental da Península coñécese n-iste poema co nome d'*Ophiuissa*, e pra describila, colócas'o autor na foz do Tajo, e dend'ali, e seguindo sempre car'ó N, vai nomeando as tribus qu'a povoaban. Fala primeiro dos *Cempsi* e dos *Saeles*, que vivían n-unha terra chea de bravas montañas, e menciona despois os *Draganes*, qu'habitaban baixo as neves do Septentrion. Pr'interpretar iste pasaxe, o señor Bosch fai notar que non amostrando a fonte vella d'Avieno saber nada acerca do interior da Península, as suas noticias téñense que referir necesariamente ós países da beira-mar, y-unha vez esto sentido, localiza ós Cempsi no centro de Portugal, os Saeles, dend'a foz do Douro hast'as Asturias, y-os Draganes na costa cantábrica, justificand'estas localizaciós pol-a natureza montanosa da Galiza, os *ardui colles* do poema, e polos nevados cumes dos Picos d'Europa, visibles dend'o mar, que facilitan a identificación do *sub nivoso maximo septentrione*, ond'os Draganes tiñan os seus lares. Respeito á filiación étnica de tales tribus, na *Ora Marítima* sólo os Draganes son ó parecer calificados de ligures, sendo preciso deducil-o celtismo dos Cempsi e dos Saeles, das fontes literarias dos séculos -V e -IV, nas que, as regiós por illas ocupadas, aparecen designadas constantemente co nome de Keltike.

Pol-o que toca ós Saeles, o poema d'Avieno ainda engade xiquera sexa d'un gelto escuro, novas referencias. Fálase n'il de qu'a Ophiuissa forá habilitada outrora polos *Oestrimnios*, que se viran obrigados a abandoala por causa d'unha invasión de serpentes, e pr'espricar iste relato mítico, adevirle Bosch qu'a verba Saeles deixase reducir ó grego *seizes*, serpente, e tendo en conta qu'iste animal tiña caraute sagrado entre muitas tribus célticas, e que ben veces, os povos primitivos tomaban o nome do seu embreia totémico, cree que já no original, já nalgúnha das refundições do período base d'Avieno, debiu tomar s'o nome da tribo posto en grego, pol-a sua significación literal, en cuio caso, a invasión de serpentes que bota ós Destrimnios da Ophiusa, non é outra cousa qu'a entrada dos Saeles na Galiza, qu'arroxa d'ela ós seus primitivos habitantes.

(1) *Los Celtas* págs. 5 e segs., e *Ensayo* págs. 78 e segs.

Acerca da cronología d'iste suceso, o sabio profesor barcelonés razona do seguinte: Os textos da séptima centuria denantes de Jesucristo, Hesiode y-a fonte d'Eratóstenes non coñecen na ribeira atlántica mais povo qu'o Ligur, mais já no século -V, Herodoto alcontra os Celtas establecidos n-eles. No meio d'estes dous termos temos que por o periplo fonte d'Avieno, ó que s'assigna geralmente o ano -550 coma data aprosimada, e tendo en conta que n-oil lémbrase coma cousa pasada hei pouco a invasión dos Saefes, debemos presumir que tal acontecemento ocu-

rriu arredor Fig. 1. A TIPOLOGÍA NA ESPADA D'ANTENAS EN CASTELA. ASEGUÑ BOSCH VI ou -III, coma pa-

denantes de Jesucristo. Estas deduccions do Sr. Bosch, feitas con toda a lógica e perfei-

Cerralbo, qu'a entrada dos Celtas na Península debeu verificarse nos primeiros anos da VI centuria denantes de Jesucristo, o problema, polo que respecta a Galiza, queda reducido a averiguar o tempo qu'aquel povo tardou en se trasladar da Meseta ás nosas campías. Pra esto, e carecendo coma carecemos de fontes literarias que nos alumeen, ningunha cousa pode servirnos millor qu'a comparanza da cultura dos Castros co-a cultura das necrópolis de Castela.

En efecto, si a invasión céltiga en Galiza houbérase verificado nos séculos -

que lle supón no tempo do periplo fonte




Fig. 2. A TIPOLOGÍA DA ESPADA D'ANTENAS NA GALIZA

la crítica, teñen en contra sua a escuridade do poema d'Avieno, verdadeiro logográfico histórico-geográfico, que ten sido interpretado por diversos autores dos géitos mais diversos e contradiutorios, pero teñen en troques ó seu favor os feitos arqueológicos que lle venen preslar un forte apoio y-unha rexia comprobación.

Probado já polo carácter hallstático do material funerario das necrópolis castelás y-aragonesas, esporadas polos Marqués de

d'Avieno, unha povoación ainda ligur, a nosa civilización do Ferro tería qu'aparecer coma derivada e dependente da de Castela, y-atopariamos n-eles espadas d'antenas degeneradas, acodadas ás veces en ángulo reto, e rematadas en botós esféricos ou en dous conos superpostos pola base mor. Mais nos nosos jacimientos protohistóricos, nada d'eso ten aparecido; contrario, o desenvolvimento de

(1) *Numanía e Hispania*

utilaxe dos Celtas galegos acusa unha evolución paralela á dos seus irmáns da Meseta, nado no mesmo berce, e de comenzaos sincrónicos. Deixando a un lado os torques y os brazaletes, cuo exame tipolóxico leverianos a concuslós idénticas, e fixándonos soillo nas espadas, vemos que, namentras qu'en Castela (figura 1.^a) perden aixíña as antenas qu'as coroan a sua forma semicircular, perdura elíxital forma, coma perduran ainda en tipos evolucionados, os puños de bronce, que lles dan un tal forte caraute hallstattiano (fig. 2.^a). Dos tres tipos d'esta clás d'armas que teñen sido atopados en Galiza, o mais antigo é seguramente o descoberto en Ortigueira (1) moi imitante pol-a sua feitura e materiais de que está construído (puño de bronce e folla de ferro) a outros alcontradas no S. de Alemania e no E de Francia; os outros dous eixemprases qu'apareceron, o primeiro perto de Mondomédo (2) y o segundo no Castro de Lás (3), son já formas evolucionadas e propias de Galiza, ben caracterizados, un pol-as escotaduras da base da folla, y outra que representa cecais a fase final da evolución, é feito d'unha peza, e presenta as antenas estendidas horizontalmente en forma de cruz. Vese, pol-o tanto, que na evolución d'unha e d'outra cultura, acússase a existencia en Galiza d'unha facies especialíssima do posthallstattico peninsular, sincrónica e paralela á fase castelá, mais de ningunha maniera posterior nin derivada d'ela.

Temos pol-o tanto qu'asegún as concuslós da arqueología comparada, o principio da civilización do ferro na Meseta e no NW de España debeu ser coetánea ou case coetánea, e qu'ambas teñen seu orixe no Hallstatt francés, nos comenzaos do seu grado final, é dicir, arredor do ano, -600, quedando así

(1) Macíbeira, *Una empuñadura de Hallstatt*. Boletín de la Real Academia Oñiegua. 1909, n. 28.

(2) Villamil y Castro, *Productos de la metalurgia gallega en épocas remotas*. Boletín de la Comisión de Monumentos d'Ourense n. 26 e segs.

(3) Revista NÓS n. 18.

confirmadas as suposiciós do señor Bosch encol do celtismo dos Saeves e da data do seu establecemento en Galiza.

En vista de todo elo, e sin que nos arrisquemos a dar un valor ausoluto ó seu conjunto, podemos formular as seguintes proposiciós.

1.^a A Edade do Ferro comenza en Galiza nos primeiros anos da VI centuria denantes de Jesucristo.

2.^a Esta nova civilización é tragida a ela por tribus célticas, as que, ou pol-o menos unha d'elas, a mais importante ou a más conocida dos navegantes Tarcesios ou Fenicios, traxiña por embrema totémico unha serpe (*sepes*, en negro) e tomaba d'ela o seu nome.

3.^a Os habitantes precélticos de Galiza chamábanse *Oestrimnos*, levaban igual nome qu'os lugures (?) de Bretaña.

V

A ESTENSION DOS CELTAS EN GALIZA

Unha vez sentidas estas proposiciós, os primeiros probremas que se nos presentan son os relativos á localización do povo invasor dentro de Galiza, y á ponderación do seu influxo na nosa etnografía protohistórica.

Nas fontes literarias, sobre todo en Strabon e Plinio, os Celtas non aparecen habitando a totalidade do chan Galego. O calificativo *Celtici* olórgase soillo ós Ariabros ou Arrotrebos, Nerios e Presamarcos (1), qu'ocupaban a estreita zona comprendida ante o Tambre y o mar Cantábrico; as restantes tribus, quitando os Grovios, Helenos e Tydenses, cuo orixe grego temos que rechazar en ausoluto, son designadas sinxelamente pol-o seu nome propio, e somentes Strabon parece atribuirllas unha filiación racial, ó confundilas cos Iberos lusitanos (2).

(Continuará)

(1) Plinio, III, 22; IV, 34. Strabon III, 1, 5.

(2) III, II, 1.

Non deixe de ler **OS NENOS** contos por Xosé Filgueira Valverde publicados no primeiro volume da **Biblioteca do Seminario de Estudos Galegos**

QUOD NIHIL SCITUR

(Proseguimento)

O mesmo represantaráche a esfera de vidro construída con admirábel artificio polo exímio siracusano Arquimedes. Nela movianse e observábanse todas-as esferas e planetas do mesmo xeito que n'esta verdadeira máquina do mundo; soprando por uns canles, eran levadas todas esas cousas simétricamente.

Agora ben; s'algúen quixer coñecer de que xeito tal se facía, non lle sería preciso coñecer perfectamente a máquina toda e cada unha das partes, ainda a mais pequena, co-as suas funcións? O mesmo débese pensar con relación a iste mundo. Pois, que é o que n'il atopas que non move e que non movan, cambéen e o cambéen, que non aguante unha ou as duas cousas?: mais muitas mais cousas existen e fanse no verdadeiro mundo que non no de vidro do sirocusano, e por iso é tanto mais difícil coñecel-o pirmeiro que non o segundo, e non é menos preciso prò que querer saber.

Olla onde chegamos. Unha soila cencia hai ou habería si poidera habela sobre a natureza das cousas e non muitas; por ela coñeceríanse perfectamente as cousas todas, porque unha sin as outras non pode ser coñecida perfectamente. As cencias que temos son vaidades, rapsodias, anacos recollidos de poucas e ruís oubservaciós; e o resto maximaciós, invenciós, ficciós, opiniós. D'eiquí vése, que non sen razón dicia Salomón qu'a sabencia dos homes era loucura diante de Deus.

Mais voltemos ó punto de saída, e d'eiquí infire que é unha a cencia de todas-as cousas. Centas veces empezan no discurso a tratar d'algúnha causa, con ocasión d'esta han tratar d'outra; esta segunda lévanos a outra, e á sua volta esta terceira a outra; así chegaríamos ó infinito, a non ser que nos defiamos no medio da carreira y-esta non sin detrimento da cencia. D'eiquí derivou aquela lei prás cencias *non omnia in omnibus*; pois coma vian que

d'unha causa seguiánse todas-as outras e qu'a sua cencia non tería fin, vironse obrigados a estableceren límites, os quales non poden manter: (d) que xeito van gardal-os lndeiros qu'a natureza non atura? d'eiquí que na mesma obra y-en diversas sexa preciso repetir mil veces a mesma causa; o que doadamente amostraríamos en calquer autor, pro seria moi longo.

O qué dixo Aristóteles das categorías, nono repiten na Física e mais na Metafísica? e o que dixo d'estas, nono replien a cada paso nas outras obras? Pois o noso Galeno, que prolixo non é? apenas atoparás nun capítulo non que non leas: «e ainda que n-outro lugar temos tratado d'esto xa mais ampiamente, non fará mal se repetimos de novo en resumo o qu'intresa ó asunto»; ou ben: «abonda esto polo que toca ó asunto presente, o demais atoparalo en tal libro,» ou por fin outras expresiós semellantes. O qual manifesta claramente, que prò coñecemento d'unha causa compre tamén o coñecemento das demais; posto que prà producción, conservación, ou destrucción de unha, compre o concurso de todas-as demais coma hemos amostrar mais ampliamente no libro sobre «exame das causas».

O mesmo confirmam os qu'emprenden disputas tocantes a algunha causa, pois van tan lonxe, que si pretenden probar qu'o home é animal, fano de xeito que, discurrindo d'unha causa pra outra por medio de siloxismos, chegan ó fin ó ceo ou ós infernos, asegún os medios de que usa o que proba ou asegún os negados polo outro. Pois o que o autor da definición nos trasmitiu sobre d'elas, dicindo que polo as proposições medias habiase chegar ós primeiros principios e n-iles parar, é unha flutación. o mesmo qu'as demais causas sobre mesmo asunto; pois non hai tales medios certos, numerados e ordeados polo cales poida-

mos prover libremente, nin principios nos que o espírito se poida deter tranquilo e satisfeito. Si ti coñeceras algúns principios tales, molto favor me farias si m'os aprenderas.

Agardas se cadra unha proba mais completa da nosa filosofía? Dárechás. Xa vichel-a dificuldade con relación ás especies. Dos individuos confesaches non haber ceneia porque son infinitos. Mail-as especies, nada son ou son unha fantesiá: soílo eisisten os individuos, soílo istos se perciben, soílo d'iles pode haber ceneia, e d'iles hase obter. Si non é asía, amóstrame a natureza dos leus universais. Has dicir qu'están nos mesmos, particulares. E g nada universal vexo n'iles; todos son particulares.

Nos individuos ganta variedá se non percibe? imensa. Iste é un grändismo ladrón; aquil un asesino; iste non naceu mais que prá gramática; outro é completamente ineuto prás cencias, iste é cruel e tremendo dende nenito; a aquil non hai nada qu'o poida querer do viño; a iste dos praceres sexuales; a iste do xogo; un conter visto ou cheirado un gato, desmáyase; un non probou a froile nin lla pode ver comer a outro; outro nunca probou a carne; outro o queixo; outro o peixe; de todos temos coñecido exemplares. Iste devora do mesmo xeito moedas, cristás, prumas, ladrillos, lá, en fin, todal-as cousas; aquil cai c'un pasamento somente co ulido ou vista d'un carabel; hai quen o aborrecen as mulleres; quen se mantén de círcula; iste dorme noite e dia; e muitas veces en curabechado tirei cos libros e fuxin da pi-

brioteca; mais en troques na praça, na campa endexamais estou sen pensar n'algo, endexamais estou menos sollo, que éand'esto: sollo; endexamais menos ocioso, que cando estou ocioso; leño de éole óndi mihi o nemigo, ó que nunca podó fixir, e como di Floracio, fuxido com'un vagamundo fuxo de min mesmo, xa perguntando polos meus compañeiros, xa engañando o meu coñado co'scoño. En van, porqu'a moura compañeira atosigant e persigueme cando fuxo. Por fin hai algúns homes que has dudar muito qu' sexan racionáis, ós que más ben deberás chamar irracional.

Pol-a contra, atoparás brutos ós que podes chamar racionáis con maior razón que a algúns homes. Responderás qu'unha apurada non fal vran, nin un caso particular desfai o universal. Eu pol-a contra sosteño que o universal é completamente falso, a non ser que comprenda e afirme, com'ellos son todo o que n'il se contén. Como pode ser: verdá o decir, que todo home é racional, si hai algúns, ou un somente que sexa irracional? Si dis que n'ilse home o defecto está non na y-alma, mais no corpo que é o seu instrumento, pode que digas verdade, mais será no meu favor. Pois o home non é soílo alma nin soílo corpo, senon as duas cousas a un tempo; por conseguinte, si un d'iles é defectoso tamén o home o será, e por eso non é o home *simpliciter*, pois o corpo é da sua esencia, do mesmo xeito qu'a y-alma, e non o corpo *simpliciter*, senon tal corpo.

(Continuaráse)

ARCHIVO FILOLOXICO E ETNOGRAFICO DE GALIZA

(C O N T O S)

Oración

Padre nuestro pequenín,
guíame por bon camiño.
Aló fun, aló cheguei
tres Marias encontrei
perguntando por Xesús,
Xesús estaba na crús
e da crús e do altar
tente Madanela tente

non te poñas a chorar
que estas son as cinco llagas
que por vos ei de pasar
Pol-a ponte de Belén
vai un pondon colorado
debaixo de áquel pondon
vai Xesucristo encravado.
O sangue que del cala
caia en campo sagrado;
el hombre que lo bebía

era moi aventureado;
n-este mundo será un rei
e no outro *{ben aventureado,
rei coroado.*
O que esta oración dixese
todolos *viernes del año*
saca unha alma de penas
e a sua *del gran pecado.*

Recollido por Ramón Martínez López, do Seminario de E. Galegos, en Senra, concello de Orosa, A Cruxta.

Compreita en moito a versión publicada por Ballesteros (Ob. cit. Tº III, pax. 250 e segts.)

**

Variante dos Contos de Pico, pico, mazárico, e Paxariño pequenío, e maneira de xogal-o xogo en Allariz

Póñense todos arredor co-as maus estesas, postas co ríves pra ríba, e no melo, o que *conta*, que pon a mau esquerda na roda das maus, e co-a direita vai picando unha por unha todalas maus, dando en cada unha un belisco cos dous dedos primeiros, e vai dicindo

— Pinto, pinto, gorgorito
Quen che deu tan grande pico?
— Díumo Dios por meus pecados
pra picar n-este carballo.
e piquei e repiquei,
y-encontrei un grao de millo.

e leveino ó muíño,
ó muíño a moer,
y-os ratiños a comer
e collín un pol-o rabo
e leveino o mercado,
e dironme seis reás e un can
e unha *taza* de papas
e a *cuchara* era de pau
Válgate Dios a muller
que me caíron as papas no chao.

Cando o recitado remata n-unha mau, o dono refira a mau da roda y-escóndea. E o jogo sigue do mesmo xeito ata non quedar ningunha. Entón o que *conta*, vai un por un pedíndolle.

- Dame la manita, e responde o interpelado:
 - No que me la comió el ratito.
 - Dame la manón.
 - No que me la comió el ratón.
 - Dámela que te doy pan y queso.
 -
 - Dámela que me manda el Rey.
 - No te la doy.
 - Dámela que me manda la Reina.
 - No te la doy tampoco.
 - Dámela que me manda Dios.
- Entón dáa. Si a ten quente, pasa; si a ten fria, péganlle.

Recollido por V. R.

OS HOMES, OS FEITOS, AS VERBAS

O pintor Fernández Mazas

ISTE xoven artista ourensán acaba de concretar un trunfo mais ca sua derradeira obra, un óleo feito en París, naméntrase estivo pensionado, pol-a Diputación d'Ourense. Falaremos d'il, non só porque nas nosas páxinas colaborou, senón, ademais, por chamar hoxe a atención da élite galega iste orixinal pintor avangardista.

Sempre se revelou c'un sufil temperamento *futurista*: o vello problema da pintura clásica non-o inquietou; foran as xenialidades dos franceses — Picasso, embora sexa de Málaga, Matisse — os que o fixeron, no senso de que son pra il a sua tradición pictórica.

«Ventana al campo» representa unha muller desnuda, qu'olla ó paixaxe diante da fenestra do seu *cuarto de baño*. Resalta a fermosa figu-

ra da mocinha, formidabel encoiro en elegante i-estrevido escorzo. Chama a atención qu'o encoiro sexa un encoiro perfeitamente anatómico, o que nos fala ben de qu'iste rapaz sabe fraguer as cousas á maneira dos clásicos. Mais isto como un xesto académico; nada mais. Il nol-o dixo: «A pintura ante todo é pintura, de sorte ningunha fisioloxía.»

A obra d'arte qu'hoxe nos ocupa, non é sómentes, com alguén pensara, unha *cousa à moda*. É algo mais. Podemos fraguer ó caso algunas observaciós que en col do Suárez Couto, falando do impresionismo, fixo o agudo Correa Calderón.

«Ventana al campo» fala d'un postimpresionismo á maneira de Ganguin.

Fernández Mazas, inquedo por superarse a cada paso, só area voliar a París, ó París do erle novo, onde o saben apreciar, é a sua

NÓS

Roma. Nós só lle desexamos que consiga tudo iso, seguros, de que sempre saberá faguer cousas boas.

Quixéramos falar algo mais, da obra e do autor, os dous o merescen; mais a falta de espace e... Os artistas novos teñenlle fobia ós literatos. Non imos discutil-o. Con razón ou sin ela, non queremos ocuparnos disto senón polo intenso debere de rexistar o trunfo d'un noso irmau. Queda pra eles a solucón dos problemas do arte - no óleo «Ventana al Campo» notamos ausencia de perspectiva. Dixonos F. Mazas: «O problema do arte novo descansa nas relacóns en qu'han estar a color e a liña dentro da única superficie de que dispon a tea. Desprezo pois, non por ruin, senón por demasiado ben feito, finiquitado o conceito fisiológico do arte renacentista» - ; nosoutros, os literatos, contentámonos con aplaudir as obras que, como «Ventana al campo», o merecen.

E Nós, ó felicitare ó xoven artista, presenta-o ós seus leitores com'unha esperanza na nosa renascenza.

A. M. C.

LIBROS

AS NOVELAS LAR

Xá van publicadas outras cinco, dende que falamos d'elas a outra vez.

D. Uxío Carré Alida, o erudito historiador das nosas letras, das que é tamén alinado prauicante, deunos unha novelina d'amores: *A terra chama*, dina da sua sopa, na qu'uo amor da terra nai e o amor da muller, mistúranse e vencen. D. Uxío sabe mantelos pres-tixios da memorabre *Cova Céltiga*.

O lobo da xente, seguido de *A trabe d'ouro e a trabe d'alquitrán*, relación literaria a primeira d'unha leenda popular, interpretación a segunda d'outra leenda mais estesa e constante na nosa terra, compoñen o n.º 10 de *Lar*, no que Vicente Risco toma polo camiño da literatura folklórica, que tanta gloria precurrou á Irlanda con Yeats e á Noruega con Selma Lagerlöf.

Co-a linda novela *Buserana*, do gran poeta Gonzalo López Abente, voltamos á vida real e ó costumbrismo, nun sinxelo e original paso d'amores, referido con ledo encanto e fresca fermosura.

Ven despois *A dona das Torres*, d'Anxel del Castillo, outra leenda do tempo antigo, escrita nunha prosa fidalga, poética con ton de romance, prosa que é case verso, que é verso intelecto moitas veces, e fala ben do gusto de quem com o seu autor sabe a un tempo estudar como sabio e gozantar com'artista os nosos vellos moimentos.

E por fin, *Ana María*, do periodista compostelán Xan Xesús González, que é a primeira que

pubrica. É d'un gênero moi de mocedad; case poidéramos dicir primeirizo, que é o que lle dá mais engado.

F. L. C.

A ÁGUILA, 31 - 32 - 33.
Janeiro a Junho de 1925. Porto.

Ven en gran parte dedicada a Camilo, con traballos e poemas de Alvaro de Morair, Vila Moura, Augusto C. Pires de Lima, A. A. Pires de Lima, Mario Beirão, e Angelo César. Outros demais notables traballos, chama a atención a *Proposta de lei de organizacón naval* de Ezequiel de campos, con eruditio e curioso preámbulo. Na bibliografía fala do libro do Dr. Claudio Basto do que demos nota no noso número 19, e das novelas do Visconde de Vila-Moura.

V. R.

REVISTA DE GUIMARAES.
Abril - Junho 1925.

Trai Cartas de Martins Sarmento ao Professor Pereira Caldas; Arquivo da Colegiada de guimaraes por J. López de Feria.

Un pintor do século XVIII, por A. Guimaraes; Cancioneiro de S. Gimão de Novais, por F. de C. Pires de Lima; Cortes de Evora, Terceirias de Moura, A cabeza do Duque de Braganza por M. Rodriguez Lapa; Seara histórica de Carlos de Passos; Os Cónegos de Oliveira, por E. d'Almeida; Boletín por M. Cardoso; Conferencia.

V. R.

CÉLTIGA, Buenos Aires, Ano II.

Debemol-o parabén á esta publicación, que aló no alemán fai canto pode por sostel-o espírito galego, polo divulgación das nosas riquezas naturais e moimentos, e polo espallemento da nosa producción literaria e artística. Ela amósáronos como na República Argentina emprincipia a s'apreixar un fato d'homens de pensamento e de pruma capaces d'oriental-o labor das coleitividades galegas d'aquela terra. Mais adiante hemos ir reseñando por miúdo os números que vayamos recebendo.

V. R.

OUTROS ACONTECIMENTOS

Na Toxa e mais Mondariz, livremol-ase se-sións do Congreso Antituberculoso. O mais dino de nota d'ise Congreso atópase en todos os boletins galegos, que falaron d'il con fartura.

En Lugo houbo duas cousas: o *Pirmeiro Congreso d'Economía Galega*, do que non falaron tanto os pepeis, edo que falaremos nós no número que ven, por ser merecente de gloria, e a *Festa da Poesía*, onde levaron premios os nosos colaboradores Otero Pedrayo e Couceiro Freixomil, e onde foi mantenedor outro colaborador noso, Antón Villar Ponte que fixo un xurdio discurso na nosa léngua.

DIVINA TRISTEZA, por ANRIQUE
PAÇO D'ARCOS. Porto, 1925.

Anrique Paço d'Arcos, coñecido elquí polos seus versos publicados en moitos boletins galegos, coma *A Nosa Terra e Galicia* é un poeta novo que vai seguindo con acerto as pisadas vagarosas do gran poeta do Támega pol-o da vaguedade e do misterio. Xá non somos nós os primeiros en atoparlle a imitanza co Teixeira de Pascoaes. *Divina Tristeza* foi un libro ben recibido e agasallado en Galiza, porque é merecente d'elo; de puro lirismo, encalxa afeito no noso gusto, e pra moltos con seguranza, esta poesía crepuscular que outros ollarian coma do sol-por do romanticismo, podera ser alboroxar d'un novo día. E mais quen sabe! De todos goitos, non van elquí perdidas loubanzas, pois coma poeta, isto é un poeta de certo.

V. R.

LATEXOS, por JOSÉ REY GONZÁLEZ,
Pontevedra, 1925.

Acuberta azul satinada d'iste novo librito de versos, cos seus primores tipográficos d'outro tempo, co seu retrato do autor firmado e rubrado, coa sua poesía debaixo. Já nos ven falando dos anos idos, do tempo da *terriña* e de *Dous Amores*. Por adentro arrecende tamén a aquela época que chamamos clásica da nosa poesía, sin que deixe de ser, coma ten que ser sendo nosa, fondamente romántica. En efecto, caseque todal-as poesías do libro son de hai dez anos, e algunas más antigas. O autor é un poeta ben coñecido, que já outrora recadara as gabanzas d'Aurelio Ribalta e d'outros críticos galegos. É ademais un home que coñece a nosa fala, e que sinte fondamente a nosa Terra.

V. R.

NAÇÃO PORTUGUESA,
Lisboa, 3.ª Serie, números 3 e 4.

Morto o ilustre pensador Antonio Sardinha, o chefe espiritual do Integralismo lusitano — de quen ven no número 3 un intresante traballo en col do *Nacionalismo galego e Lirismo portugués*, con culas vistas non de todo podemos acaer, — encarregouse da dirección do boletín Manuel Múrias, un outro pensador contrarrevolucionario da valente modernidade. Estuda o Sr. Múrias n-istes us a *política africana de D. Sebastián*, e son traballos dinos de leitura no número 3 *La guerra de las Naranjas*, do Marqués de Lozoya; *Notas á margem de Alberto Sampaio*, de J. Lúcio d'Azevedo; *Cota á margem da obra de Camilo*, de D. de S. Araujo, e *Camões*, conferencia de M. de Oliveira Lema; e do 4, As «Cortes» da Freira, do Sardinha; *Soanda Mulatib* de Hipólito Raposo, e *Sindicalismo* de César A. de Oliveira.

V. R.

NÓS

ALCÁNDARA — Imágenes
por FRANCISCO L. BERNÁRDEZ — Editorial Proa.
Buenos Aires.

Os xoguetes de puericia de Francisco Luis Bernández — «Bazar», «Kindergarten» — trocárónse en vielro de louzanias froles líricas. camiño xa seguro e firme, i-en festa de estrelas que xa non se mercan n'os bazares con pouco espírito, sinón que esían lonxe, alá enriba, no seu ceo, acenándonos cheos de alusiones e de susurencias. O camiño de arte percorrido por este poeta — por este gran poeta xoven que desflorou elquí a virxinidade da sua inspiración e que bebeu na nosa terra (que tamén é del no mais fondo e desinteresado senso de posesión) as augas lustrales da beleza, está suxeto a lóxica gradación evolutiva entre os primeiros balbuceos e os primeiros crudos e rítmicos acordes da Verba e do Espírito. Can-fou a poesía da cuna e da infancia, e agora, en prena adolescencia, ten o cantar propio d'este estorio espiritual e sensibre, e vai cos azos do sentimento e cos pulos da idea afrorescente car'a amada do frío espríndido, sazonado e maduro. E n-esto queda feita a mellor gabanza d-un poeta... e d-un home; gabanza que non valería nada nin sería nada se non nascese, coa verdade, d'unha profunda suxestión, locuplética de promesas e esperanzas.

O autor de *Alcándara* ten historia de niñez e de xuventude. Se fose de súpelo nos seus primeiros poemas un d-esos xenios que a crítica «d-escola» recibe con compás devoto e que logo, sin saber cómo, desaparece sin deixar rostro, habería pra fermar do seu logro. Pero, non. A cultura e a intelixencia foron abrindo a estrada hoxe frolicida. Nin siquera, pra ben do poeta e da sua ópera futura, os ventos do «avangardismo» lle absorveron as savias proliferas d'unha estética mais acendrada e viva e d'unha visión mais espaciosa. Pi-cotean n-él, pero a sua propia forza íntima levouno a outras mais integradas amplitudes.

Alcándara foi inzada en Galicia, aireouse no mar e froiteceu na outra Terra do poeta, terra pra sementes, sempre encinta.

R. B. T.

LA TEMPORADA, Mondariz,
números 5 a 10 do ano XXXVII.

Tan int'santos traballo en col do Castelo de Sobroso. Colegiada de Sar, Estudos vellos de Santiago, Revolución da Ulla, etcétera; poemas do Cabanillas, Julio Dantas e Herminia Fariña; deseños do Castelao; visitas de moimentos.

Motores & máquinas CELTA

Marca
Rexistrada

Suministros industriaes — INSTALACIÓS

Gasolina Petróleo, aceites pesados SHELL

Cubertas - Cámaras - Macizos **BERGOUGNAN** - **MICHELIN**

JOSÉ RAMÓN PEREZ CID

Progreso, 54 e 90 — OURENSE

Fabricación

especial de
toda sorte
de Cristales
de Cristales
ópticos



(MARCA REGISTRADA)

Execucion
esmerada
das recetas
dos seño-
res Médicos
Oculistas

Praza Mayor, 18 - OURENSE

STUDEBAKER

Os mellores autos. Tres tipos de motores e quince
de carrocerías. Somentes o **Studebaker** ten a capota
DUPLEX, que consinte trocar en cinco minutos un
coche aberto en pechado

REPRESENTANTE PRA OURENSE E PONTEVEDRA

Manuel Rasilla Salgado :- Vilagarcía d'Arosa

A importancia da publicación

L A R

non precisa pregoarse

Vexa vostede calquera dos números
publicados e quedará satisfeito

Todal-as novelas son inéditas e orixinales
dos melhores escritores galegos.

Se vostede é amante das boas letras
debe suscribirse á

L A R

Coste de cada número 30 céntimos

Suscripción a 6 números 1'60

Administración: Real, 36-1.^o

A Cruña

**Augas bicarbonatado-sódicas de
MONDARIZ**




**FONTES DE GÁNDARA e TRONCOSO
Propiedade dos FILLOS DE PEINADOR**

MONDARIZ—BALNEARIO está situado a 35 kilómetros de Vigo e a 20 das estaciós de Porriño e Salvatierra de Miño

O Hotel do Estabrecimento está aberto do 1.^o de Mayo a 31 de Octubre

Sastrería CRECENTE IRMANS

A MILLOR
DE
GALICIA



REAL, 28-1.^o

TELÉFONO 180

A CRUÑA

F. ROMÁN E SACO
DROGUERIA
E FARMACIA

Pereira, 19

Teléfono 28

OURENSE

AXIÑA
APARECERÁ

C O U S A S

PÓR
CASTELAO

LEA VÓSTEDB A
NOVELA MENSUAL

L A R

Ademiniistración e imprenta
REAL, 36 1.^o A CRUÑA

SUSCRICIÓN A 6 NÚMEROS 1'60 PESETAS